

As Asembleas do bisavó

Homenaxe ós pioneiros do noso asociacionismo

Según a explicación existente no Museo da Ciencia de Londres, o arado de ferro utilizábase en Holanda hai máis de 300 anos. Paseniñamente introdúcese en Escocia e, ao redor do 1800, inventores ingleses fanlle melloras como dotalo de pezas cambiáveis. En 1825 consideran ultimado o modelo que se espallará por todo o mundo. O coñecido “atraso secular” da agricultura galega cúmprese con exactitude, pois só en 1926 o novo aparello chegará ás mans dos labregos asociados no concello de San Sadurniño... cando nos países industrializados xa eran comúns os tractores. Dende entón, e durante varias décadas, ferreiros do territorio fixeron o arado de “rabelas”. Moitos veciños, nados nos anos 30 e 40, acordan o primeiro día que na súa casa puideron comprobar a eficacia da nova tecnoloxía.



Mostra dun arado “brabant” na Granxa-Escola de Agricultura Regional de A Coruña. Foto Ferrer (1904-1918) A.R.G.

O Asociacionismo agrario (III):

“La Moralizadora” de San Sadurniño por fin chega o arado de ferro


Xavier Brisset Martín

Como xa vimos en Moeche e nas Somozas, tamén en San Sadurniño constituíuse, a mediados de 1908, unha Asociación agraria. Terá longa vida pois hai datos dela ata os tempos da República. Dende os seus comezos consegue unha grande implantación, chegando a contar con 767 socios que cotizaban 3 pesetas anuais.

Practicaban a alternancia na directiva, tivo 14 presidentes e 18 vicepresidentes nos 22 anos dos que temos datos completos (*). Sendo chamativo que moitos ocuparon os postos de dirección sen ser, nin antes nin despois, sequera vocais.

En varias ocasións unha directiva novata, cumprido seu mandato, era substituída por outra igualmente inexperta. En total constan uns 250 veciños que ocuparon algún dos 18 cargos que tiñan cada ano, estando sempre coidadosamente representadas todas as parroquias polas que tamén foi rotando o local social.

Con tanto cambio é admirable



que mantiveran un rumbo constante e exitoso, o que fai pensar que aplicaban unhas respetuosas e solidarias relacións entre veciños, moito mais antigas que eles. Prácticas sociais ben aprendidas porque viñan de anteriores xeracións, limitándose ós de “La Moralizadora” a darlles formalidade escrita co Regulamento e a inscrición ante o goberno civil.

Algún incidente ocorreu nos

primeiros tempos pero, de momento, só temos a versión dos xornais.

Arados colectivos

En case todos os balances anuais conseguiron aforrar algo, polo que os fondos en caixa, durante moitos anos, non baixaron das 2.000 pesetas, o que lles permitiu mercar algúns arados de ferro para uso rotativo entre os asociados. As prestacións que ofrecían eran moi superiores á do arado de pao, indo máis a fondo e virando a terra, co que se conseguía mellorar a produción.

Anque non faltaron algúns escépticos, a meirande parte dos labregos sabían da conveniencia de usalos, pero o elevado custe e os escasos puntos de venda -hai cen anos había que ir mercaleos a un comercio da rúa Real de A Coruña- atrasaron súa introdución ata que, asociándose varios veciños, resultaban máis doados de adquirir.

Destacada queda a dirección colectiva de “La Moralizadora”, pero non sería xusto silenciar a

un dos socios fundadores, Francisco Torrente Vigo, que foi presidente en tres períodos diferentes.

No ano 29 ocupou seu último cargo como contador.

A él correspondeu asinar, no ano 20, a reforma do artigo 9º do regulamento “... en el sentido de que, el ingreso de los socios pobres, que está limitado al cinco por ciento, en lo sucesivo será ilimitado el número de los mismos, ingresando todos los que lo soliciten a propuesta de la junta Directiva y aprobación de la junta general” Evidentemente estaban exentos de cotizar anque tiñan todos os dereitos.

No ano 33, Manuel Rodríguez, último presidente coñecido, xunto a Angel Torrente Martínez como vicepresidente e Alfonso Manuel González como secretario, presentan ante o Gobernador Civil unha reforma e ampliación do Regulamento, pois en asemblea de socios aprobaron a creación dun servizo de préstamos e unha mutualidade médica. Pero disto falaremos máis adiante.

AQUELES DÍAS NA PRENSA

Faro de Vigo, 16 de agosto de 1908

Contrabando de cerillas

Por la Delegación de Hacienda de esta provincia, se ha publicado un edicto por el cual se hace saber que, constituyendo un monopolio del Estado y una renta pública la fabricación y venta de cerillas fosfóricas y toda clase de fósforos, se incurre en delito o falta de contrabando por la venta o por la sola tenencia de productos de aquella clase... En su consecuencia, a cuantos individuos se les sorprenda con cerillas o fósforos que no sean de la legítima procedencia expresada, le serán decomisados en el acto siendo además conducidos a disposición de la autoridad del delegado de Hacienda, para ser juzgados en Junta Administrativa... que procederán con el debido rigor con los infractores.

La Voz de Galicia, 27 de maio de 1909

La mano negra mariñana

Nada nuevo había ayer respecto a los sucesos estos días ocurridos en varios pueblos del partido de Betanzos. Prosiguen las actuaciones por el juzgado especial y continúan los trabajos de la guardia civil para perseguir a los culpables y vigilar propiedades y personas.

Pero la ola cunde. En Saturnino comienza a advertirse un movimiento análogo al que estos días preocupa a las gentes y hace trabajar a la justicia.

Parece que varias personas de aquel distrito han sido amenazadas gravemente. Dícese que una de ellas ha sido agredida, sufriendo graves lesiones, por individuos a quienes se supone relacionados con una asociación agraria. La alarma cunde y al boycott tal vez sucedan los atentados en las haciendas de los amenazados.

Lo que produce alarma en San Saturnino, aparte de lo dicho, es que la Guardia civil que allí había tuvo que salir para Betanzos -desnudar un altar para vestir otro- con lo cual no hay quien proteja a los cohibidos por el temor de desafueros semejantes a los de San Pedro de Oza, Paderne y Cesuras. Es de presumir que a éstas horas se hayan adaptado las medidas que sean necesarias para evitar actos como los que hemos lamentado estos días.

No próximo número:

Asociacionismo agrario (IV): “Asociación de agricultores de Monfero”

Mil oitocentos corenta e tres homes xúntanse na Bisura

*) Documentación conservada no Arquivo do Reino de Galicia. Existe unha copia de consulta a disposición de calquera investigador ou veciño interesado no fondo de documentación de Euroeume.

Veciños que ocuparon o cargo de presidente e cantas veces: Luís Loureiro Pita (2), Francisco Torrente Vigo (7), Francisco Mera Hermida (1), José Yáñez Pena (1), José María Galdo Senra (1), José Pérez Grandal (1), José Castro López (1), José Sisto Ribera (1), Antonio García López (1), José Suárez Pérez (1), Vicente Picos Barro (1), Antonio Casal (2), José Tarrío Eiroa (1) e Vicente Castro Naveiras (1). Destacar que Andrés Piñeiro Naveiras foi secretario durante 9 anos, Vicente Muiño Serantes ocupou a vicesecretaría 11 veces e Antonio Monteagudo a tesorería en 8 ocasións.